

O Concello de Campo Lameiro declárase “libre de eólicos” nun animado pleno

Campo Lameiro, a 22 de marzo de 2023.

O pleno extraordinario de hoxe, solicitado polos grupos da oposición a instancias de iniciativas cidadás, foi monográfico sobre a proliferación de proxectos eólicos e a alarma social que están a suscitar estes en Campo Lameiro.

O día e as horas, 13.00, non facían presaxiar unha gran afluencia, pero a veciñanza encheu o Salón de Plenos e mesmo leu un manifesto entre aplausos e consignas como “Campo Lameiro non se vende”. No manifesto, e no debate posterior, o público insistiu na necesidade de máis información por parte do Concello, pois varias comunidades de montes recibiron o anuncio dun polígono eólico no seu territorio con pouca marxe para se defenderen. A preocupación, polas afeccións que provocan estas instalacións no abastecemento de auga, fíxose patente durante as intervencións. E a defensa do patrimonio arqueolóxico, no municipio “capital da arte rupestre de Galicia”, estivo presente ao longo de toda a sesión.

Finalmente, a Corporación Municipal de Campo Lameiro votou, por unanimidade, posicionarse en contra de todos estes polígonos e liñas de alta tensión, cunha declaración simbólica de “Concello libre de eólicos”. Tamén acordou solicitar prospeccións arqueolóxicas e externalizar, a través dunha empresa, a elaboración de alegacións para obstaculizar a autorización de proxectos eólicos ou a realización de charlas informativas.